

4º EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021-2022

CEIP PLURILINGÜE “OS TILOS”

INDICE

- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:
 - COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA.
 - METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.
 - MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA.
 - MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.
- CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- CONCRECIÓN E RELACIÓNS CURRICULARES PARA AS TRES ÁREAS
 - OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA
 - SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS E CONTIDOS POR NIVEIS
 - OBXECTIVOS RELACIONADOS COA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E COVID-19 NO CURSO 2020-2021
- CONTIDOS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- ACTIVIDADES

- TEMPORALIZACIÓN
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
- METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR
- ORGANIZACIÓN ESPACIAL.
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RELACIONADAS COA FORMACIÓN SOBRE O PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL NO CURSO 2020/2021
- ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
- ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
- EDUCACIÓN EN VALORES
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN
- PLAN LECTOR
- RELACIÓN COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE ESCOLAR

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O proceso de ensinanza e aprendizaxe consiste en organizar, dar unificación e facer que se estructure ordenadamente o labor educativo partindo do alumno/a e tendo en conta os materiais, a contorna, os medios dos que dispoñemos para acadar os obxectivos que nós temos fixado.

Esta programación parte do Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo da E. infantil na comunidade autónoma de Galicia e de acordo co sinalado na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio e na Orde do 25 de xuño pola que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil.

Esta programación de nivel parte da análise do Proxecto Curricular de Centro do PEC que reflicte a identidade do noso centro.

Esta programación está pensada para ós nenos e nenas de tres anos. Ao redor dun centro de interese organizaranse os proxectos a levar a cabo nos que se traballarán os obxectivos e contidos, partindo dun conto, unha pregunta, algunha curiosidade ou calquera cousa que lles chame a atención. Tamén se traballará ao redor de distintas secuencias didácticas que vaian xurdindo durante o curso e os proxectos.

Esta programación de aula desenvolverase mediante as rutinas diarias e con distintas unidades de programación: proxecto Tilandra no camiño (proposto dende o equipo de biblioteca), diferentes centros de interese vinculados á contorna próxima que podan xurdir na aula ao longo do curso, pequenas investigacións...

• OS NENOS/AS DE 3 ANOS.

Aos 3 anos, o neno evolucionou en tódolos aspectos. As características máis significativas son as seguintes:

CONTROL PSICOMOTRIZ

En canto á motricidade grossa, o movemento gañou en soltura, en espontaneidade e en harmonía. A súa maior satisfacción é moverse dun lado a outro. Gústalle correr, poñerse nas puntas dos pés, subir e baixar escaleiras, abanearse, pedaleo no triciclo, darlle patadas a un balón, cortar con tesoiras, coller a pelota coas dúas mans... É un neno/a que precisa moitas e variadas actividades psicomotrices.

LINGUAXE

É moito máis rica, variada e precisa. Logra articular correctamente as palabras. O seu vocabulario aumenta de forma espectacular. As frases van facéndose máis completas, aínda que a súa capacidade de comprensión é maior ca da expresión. Descubre as primeiras palabras "malsoantes", ás que non lles hai que facer caso nin lles dar importancia para que as esquezan. Nesta etapa o máis salientable son os monólogos e as constantes preguntas. É a idade dos "por que" ás que os adultos moitas veces non atopan resposta.

Estas son algunhas das súas adquisicións: responde "si" ou "non" axeitadamente, atende durante cinco minutos á lectura dun conto, realiza dúas ordes que non se relacionan, dálle nome o seu traballo creativo, di o seu nome completo, pregunta e responde utilizando "que, quen, onde,

como, por que”; relata e explica as súas experiencias, emprega o plural rematado en “s”, sabe explicar como se usan os obxectos máis comúns, expresa accións futuras, emprega artigos determinados (o, a) e indeterminados (un, unha); utiliza preposicións, conxuncións, adxectivos, pronomes, atributos de tamaño, cantidade e calidade.

AUTONOMÍA

A autonomía é moito maior: come e bebe só, colle correctamente a culler, pon o bafeiro e gárdao, mastiga correctamente, bebe sen mollarse, lava as mans, colabora activamente no vestirse, aprende a poñer algunhas pezas de roupa sen axuda e mesmo comeza a abotoar os botóns, colga a súa roupa, peitease con máis ou menos destreza, refrega os dentes co cepillo mentres imita o adulto, dorme só, controla esfínteres de día e comeza a controlalos de noite, evita pequenos riscos...

Vai diminuindo a súa tendencia a levar a contraria e vai suavizando a súa resistencia a obedecer. Son cada vez menos frecuentes as súas reaccións negativas o que denota a procura duns límites e dunhas normas, que se deben de impoñer de maneira coherente e persistente.

SOCIABILIDADE

As relacións sociais con outros nenos/as son máis abertas, comparte experiencias, agarda a súa quenda, vai tolerando a frustración, empresta o xoguete que ten, segue as regras de xogo en grupos dirixidos polo adulto, permanece no seu sitio, di “por favor” e “grazas”, sabe saudar á xente, gústalle coller o teléfono, falar con persoas maiores, obedece ó adulto, colabora nas tarefas da casa pero sen asumir responsabilidades, pode xogar só no seu cuarto durante pequenos períodos de tempo, e pode comezar a asistir a espectáculos.

COGNICIÓN

Atópase na etapa preoperacional, caracterizada por: egocentrismo, animismo, xustaposición, centralización, realismo e irreversibilidade. O coñecemento está ligado ao desenvolvemento sensoriomotriz . É quen de nomear obxectos grandes e pequenos, sinala partes do corpo obedecendo unha orde, xunta dúas partes dunha figura para facer un todo, sabe os personaxes dun conto, fai pares, conta ata tres, di dous obxectos que van xuntos, segue unha secuencia sinxela de tamaño ou cor, nomea tres cores, reconece tres formas xeométricas, busca un obxecto igual a outro, debuxa un cadrado imitando ó adulto.

- **SITUACIÓN DO CENTRO.**

O C.E.I.P. Plurilingüe “Os Tilos” está situado no Concello de Teo provincia de A Coruña e consta de dous edificios un de Primaria e outro de Infantil. O edificio de Infantil ten catro aulas ocupadas por dous grupos de 3 anos e dous grupos de 4 anos. Os dous grupos existentes de 5 anos atópanse no edificio de Primaria.

O alumnado que acude ao centro procede na súa maioría da urbanización de Os Tilos, San Simón de Ons e San Francisco de Asís.

O horario é continuado de 9:00 a 13:55 horas e o centro dispón dos seguintes servizos: transporte escolar, plan madruga (atende ós alumnos antes do inicio da xornada escolar), comedor, biblioteca, aula de informática, departamento de orientación, ximnasio e conta con actividades complementarias e extraescolares, que por mor da pandemia serán on-line. Tamén se dispón dunha mestra de relixión católica.

En definitiva esta programación está pensada para os nenos e nenas de 3 anos que este curso 2020-21 suman 33 alumn@s repartidos en dúas aulas, unha de 17 e outra de 16 nenos/as. En ambas aulas temos ANEAE.

- **CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.**

Os nosos alumnos/as proceden de familias de clase media e con un bo nivel de colaboración na educación dos seus fillos/as.

Nestes grupos hai maior número de nenos que de nenas. Por outro lado, a lingua materna predominante nas dúas aulas é o galego polo que, de acordo co decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, empregaremos a lingua galega e procuraremos que adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, de forma oral e escrita, en conformidade co seu nivel de maduración.

- **PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:**

De ser o caso, recollerase o método alternativo á aula virtual para comunicación coas familias e mantemento da actividade lectiva a distancia.

No contexto actual, coa posibilidade da actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou a distancia, é imprescindible reforzar a fluidez da

comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos/as como partícipes directos no proceso da ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as; por iso, as titoras poranse en contacto coas familias para dar a coñecer as canles de información e comunicación existentes no centro:

- **Aula Virtual** do centro, como o entorno virtual empregado para colgar as actividades ao longo do curso e outro tipo de recursos de interese pedagóxica. Que permite ademáis, estar en contacto cos alumnas/os e interactuar con eles a través de diversas ferramentas como chats, foros.

Principalmente, levarase a cabo a metodoloxía a través de dita aula virtual e, proporcionaráselle un nº de usuario e contrasinal para que poidan comunicarse as familias coas titoras a través do servizo de mensaxería da Aula Virtual.

- **Aplicación ciscowebeX**, entre outras, para o establecemento de videoconferencias coas familias.
- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico das titoras e do centro** como a vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa do centro (ceip.ostilos@edu.xunta.gal) e a da titora do curso facilitada na reunión inicial coas familias.
- **Teléfono** que facilite a comunicación directa e inmediata co centro, existen dúas liñas: **881866735** (edif. primaria)/ **881866738** (edif. Infantil)
- Así como todos aqueles medios achegados ben polo profesorado ou dos que dispoña a Consellería nese momento.
- **Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.**

Optaremos por unha metodoloxía de tarefas na que os centros de interese dos alumnos/as son o eixe central das propostas plantexadas ao alumnado, baseada nun enfoque competencial, que facilite a construción do coñecemento, e o aprender a aprender.

Esta metodoloxía estará baseada en experiencias, actividades e xogo.

A colaboración escola-familia, convértese máis que nunca nunha ferramenta imprescindible para propiciar un ambiente de afecto e confianza que potencie a autoestima.

O feedback en resposta ás tarefas propostas terá que ser constante e, tratando de responder tamén a intención de potenciar o afecto e a autoestima na situación actual do alumnado.

As actividades propostas terán en conta as diferentes realidades do alumnado, os materiais dos que dispoñen na casa, as posibles axudas que teñen no ámbito familiar, a tecnoloxía dispoñible...

Unha vez coñecidas cada unha delas, tentaremos que os materiais empregados sexan doados de conseguir, non supoñan un gasto extra moi significativo, non precisen de impresión...

As actividades serán propostas significativas que teñan relación coa realidade do momento que están a pasar e co seu ámbito familiar e que impliquen a resolución de problemas. Así como o reforzo de actividades de hábitos diarios que fomenten a autonomía.

Actividades de carácter emocional, onde se expresen sentimentos, situacións, preocupacións...

Deseñaremos actividades a fin de celebrar as conmemoracións segundo as datas que nos atopemos: Día do Libro, os Maíos, día da árbore, Letras galegas, Día das familias...aproveitando as mesmas para traballar contidos de reforzo e lectoescritura, así como actividades de reforzo da lóxica-matemática, desenvolvemento da expresión artística, creatividade, psicomotricidade fina e grossa...

As actividades serán globalizadas, interdisciplinares, variadas, graduadas para que permitan seguir ao alumnado coa súa formación, atendendo as súas necesidades educativas e emocionais e así garantir a atención á diversidade.

- **Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

A educación é un dereito que debemos defender aínda en tempos de crise como os que estamos a vivir, xa que proporciona protección, reduce as repercusións psicosociais e ofrece un sentimento de normalidade e estabilidade. Por outra banda, ofrece os coñecementos e aptitudes precisas para superar esta crise. É por isto polo que debemos adaptar a nosa metodoloxía, procesos e estratexias para así ofrecer plans sólidos para garantir a continuidade da aprendizaxe.

Durante os primeiros días de curso procederemos a pasar unha enquisa dende as titorías a fin de identificar o alumnado que por mor de falta de recursos ou de conexión no seu fogar, non tivesen acceso á educación telemática no caso de ter que levarse a cabo o ensino á distancia.

Posteriormente informárase á dirección do centro para que se adopten as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

No caso de levarse a cabo un ensino non presencial levaremos un seguimento do alumnado a través dun contacto directo coas familias a fin de identificar aqueles que teñan dificultades por mor da conexión ou falla de equipamento.

- **Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

Os mecanismos par levar a cabo un seguimento dos alumnas/os serán:

- Seguimento semanal das actividades que se propoñan.
- Observación de vídeos, fotografías, escoita de audicións,... que vaianenviando.
- Recompilación de materiais.
- Proxectos.
- Comunicación coas familias e alumnos/as a través do correo electrónico, teléfono, vídeo chamadas, plataforma Ciscowebex, servizo de mensaxería da aula virtual, ... de xeito periódico para así acadar un feedback o máis sinxelo posible.

Estas canles serán as empregadas á hora de enviar tarefas de reforzo ou de avaliación.

- **CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A competencia é a capacidade dun neno/a de poñer en práctica en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como habilidades e coñecementos prácticos, así como actitudes. Polo tanto vai máis alá do saber estar, saber facer ou aplicar.

A nova Lei de educación establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, e orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

Estas competencias son:

• **Competencia na comunicación lingüística:**

Está relacionada co desenvolvemento e emprego axeitado das destrezas básicas da linguaxe: falar, escoitar, ler e escribir. Refírese á utilización da linguaxe como instrumento, tanto de comunicación oral e escrita, como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións.

Supón a utilización activa e efectiva de habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situación para producir textos orais axeitados a cada situación de comunicación.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos

- Manter conversas con sentido cos seus iguais e cos adultos para poder iniciarse no desenvolvemento social.
 - Adquirir habilidades para producir textos orais axeitados a distintas situacións e fins.
- Identificar o código escrito en elementos da contorna e identificar o seu significado.
- Iniciarse na narración de historias coñecidas como medio de expresión e comunicación cos demais.
- Iniciarse a través da linguaxe na regulación da propia conduta.
- Acercarse á literatura infantil a través de contos, relatos, poemas...

Competencia matemática:

Esta competencia inicia aos nenos/as na habilidade para empregar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Iniciarse na interiorización das distintas partes nas que se organizan os días.
- Utilizar conceptos e procedementos do razoamento matemático para describir a realidade.
- Coñecer a funcionalidade dos números nos distintos ámbitos da vida cotiá.
- Realizar actividades de manipulación e clasificación con obxectos variados.
- Establecer relacións entre conxuntos.

- Aplicar os coñecementos matemáticos adquiridos a outras actividades da vida cotiá.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:

Esta competencia pretende que os alumnos/as amplíen os seus coñecementos sobre persoas, obxectos e outros elementos que conforman o mundo que os rodea; desenvolvendo habilidades para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de xeito que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e das demais mulleres e do resto dos seres vivos.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Iniciarse na comprensión da importancia de coñecer e observar o tempo atmosférico.
- Identificar e clasificar obxectos e materiais a partir de características físicas observables.
- Empezar a comprender a importancia das plantas y os animais no equilibrio do ecosistema para fomentar o seu coidado e respecto.
- Adquirir comportamentos responsables axustados á idade para o coidado da contorna.

• **Tratamento da información e competencia dixital:**

Esta competencia fai referencia ao desenvolvemento de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección de información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, así como o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para se informar e comunicar.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Descubrir a utilidade das novas tecnoloxías nas aprendizaxes.
- Adquirir habilidades para seleccionar e empregar distintas ferramentas tecnolóxicas.
- Identificar e coñecer os compoñentes básicos de un ordenador.
- Manifestar interese por aprender a empregar os instrumentos tecnolóxicos con fins comunicativos.

• **Competencia social e cidadá:**

Esta competencia desenvolve habilidades que permiten vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para conviviren nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Supón ser capaz de se poñer no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Descubrir algunhas das tradicións da contorna para poder axustar a propia conduta a elas.
- Adquirir habilidades para participar en proxectos e traballos colectivos.
- Respectar as convencións sociais nas conversas como base de un comportamento democrático.
- Coñecer e valorar a aportación de todas as persoas ao funcionamento da sociedade superando estereotipos relacionados con nivel social ou os roles de xénero.
- Iniciarse na resolución pacífica de conflitos

• **Competencia cultural e artística**

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Supón igualmente apreciar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, a través de diferentes medios de expresión (a música, as artes visuais, as artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal, as artes populares...).

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Desenvolver a capacidade expresiva a partir de diferentes técnicas
- Apreciar, comprender e valorar manifestacións culturais e artísticas que forman parte do noso patrimonio cultural.
- Realizar composicións creativas con diferentes materiais e soportes.
- Afianzar as nocións espaciais e temporais precisas para realizar pequenas dramatizacións y bailes sinxelos.

- Adquirir habilidades para empregar as linguaxes artísticas distintas técnicas plásticas con fins creativos.
- Desenvolver o interese por coñecer obras de arte.
- Iniciarse no desenvolvemento das propias capacidades creativas.
- Expresar con xestos e movementos os sentimentos, as emocións e as vivencias.
- **Competencia para aprender a aprender:**

A adquisición desta capacidade supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma. Implica poder desenvolverse ante as incertezas e tratar de procurar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Consiste en admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos. Require ser consciente do que se sabe e do que queda por aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe para optimizalos segundo as propias capacidades orientándoas ás necesidades persoais. É dicir, coñecer as propias potencialidades e carencias de xeito que tire proveito das primeiras e se esforce para superar as segundas co fin de sentirse seguro ante novos retos de aprendizaxe e motivado a emprendela ante a perspectiva de éxito.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Asociar a aprendizaxe coa súa utilidade.
- Exercitar a atención e a memoria para favorecer aprendizaxes futuros.

- **Competencia de Autonomía e iniciativa persoal:**

Esta competencia fai referencia ao coñecemento de si mesmo, á posibilidade de operar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal coma no social. Esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse aos problemas, á honestidade e á comprensión das normas que permiten crear un código moral propio.

No grupo de 3 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- Iniciarse na realización de actividades cotiás de xeito cada vez mais autónomo.
- Iniciarse na resolución autónoma de pequenos problemas da vida.
- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.

- Coñecer mellor o propio corpo para ser cada vez máis autónomo.
 - Empregar os sentidos como fonte de información.
 - Mellorar as propias capacidades da atención e a memoria.
 - Adquirir un axeitado control dinámico e postural como medio demellorar o coñecemento e a confianza en si mesmo.
 - Explorar as distintas partes do corpo e as súas posibilidades motrices.
- **CONCRECIÓN E RELACIÓNS CURRICULARES PARA AS TRES ÁREAS**

- **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

Este ciclo da Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos/as ascapacidades que lle permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural esocial.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxíasda información e da comunicación.

- **SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS E CONTIDOS POR NIVEIS**

Para levar a cabo a secuenciación dos obxectivos e contidos, teremos en conta unha serie de principios, acordados polo Equipo Docente:

- Partir do coñecemento do desenvolvemento evolutivo dos neno/as que lle permita a realización de aprendizaxes significativos.
- Formulación primeiro xeral e a continuación centrarémonos en cada un dos seus elementos.
- Equilibrio. Os contidos a traballar teñen que acadar na súa totalidade os obxectivos xerais da Etapa.
- Capaces de aprender.
- Continuidade e progresión ó longo dos diferentes cursos

• **OBXECTIVOS XERAIS DO NIVEL**

O currículo de Educación Infantil foi estruturado en torno a tres grandes áreas entendidas como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda a orde: de actitudes, procedementos e conceptos que contribuirán ao desenvolvemento das nenas/os:

- **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**
- **Coñecemento do contorno**.
- **Linguaxes: comunicación e representación**.

COÑECEMENTO DE SI MESM@ E AUTONOMÍA PERSOAL

- Identificar as súas características, posibilidades e limitacións interagando coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.

- Recoñecer e identificar as partes e funcións fundamentais do seu corpo coordinando cada vez mellor os seus xestos e movementos.

- Identificar e expresar os propios sentimentos, emocións e necesidades, e ser quen de respectar os dos demais.

- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas e problemas sinxelos da vida cotiá e aceptar as propias frustracións, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

- Desenvolver progresivamente comportamentos de convivencia e habilidades para afrontar situacións de conflito, adaptando as condutas ós hábitos e actitudes de axuda e colaboración.

- Desenvolver hábitos de saúde coa alimentación, a hixiene e o aseo per-soal que contribúan ó equilibrio e benestar emocional.
- Adquirir hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación ás regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar, explorar e interpretar de forma activa o seu contorno mostran- do interese polo mesmo.
- Observar os cambios e modificacións do contorno e relacionalos cos factores que os producen con actitude de respecto e coidado.
- Formular hipóteses e buscar respostas e explicacións para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, interiorizando as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertence.
- Apreciar a facer seus algúns elementos significativos propios da tradición da cultura galega.
- Desenvolver habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave delóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.

- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais como elementos de comunicación.

- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas con distintos propósitos, interlocutores, en diversidade de contextos e valorando a linguaxe como ferramenta de relacións cos demais, de regulación, de convivencia e de aprendizaxe.

- Comprender a intencionalidade educativa doutros nenos e nenas, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás diferentes linguaxes.

- Fomentar o uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ó participar neste intercambios culturais.

- Traballar a lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.

- Comprender, reproducir, reescribir e revisar textos.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar ... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos ...

- Achegarse ó coñecementos de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das distintas manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

- Desenvolver e sentir autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

- Empregar e valorar o uso das TICs como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

OBXECTIVOS RELACIONADOS COA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E COVID-19 NO CURSO 2021/2022

- Iniciarse na prevención e sensibilización individual e social, no marco da educación para a saúde.

- Adquirir habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene.
- Amosar unha actitude de responsabilidade, tanto individual como social, en relación coas medidas de hixiene, o distanciamento e o uso de elementos protectores para previr os contaxios.
- Concienciar ao alumnado das limitacións e condicionamentos que causa unha pandemia na vida persoal, escolar e social.

CONTIDOS

COÑECEMENTO DE SI MESM@ E AUTONOMÍA PERSOAL

• **Bloque I: O corpo e a propia imaxe**

- Exploración e progresivo afianzamento do esquema corporal.
- Manifestación e control das necesidades básicas do corpo.
- Confianza nas posibilidades e capacidades propias para realizar distintas tarefas.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Sensacións e percepcións do propio corpo en relación e interacción cos datos que recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais, propioceptivas e exteroceptivas.
- Aceptación da propia imaxe corporal, xogando só ou acompañado e descubriendo as súas posibilidades expresivas.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Os sentidos: medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que nos rodea.

- Identificación das distintas etapas do ciclo vital mediante a observación dos cambios físicos nas persoas.
- Valoración positiva das diferenzas entre as persoas evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual mediante a aceptación co corpo sexuado masculino e feminino e unha actitude crítica ante os estereotipos.

• **Bloque II: Xogo e movemento.**

- Participación nos xogos e na actitude motriz identificando as súas capacidades e amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- Vivencia do xogo como medio que favorece a aceptación de regras, o respecto ás demais persoas e a aceptación da identidade sexual e cultural propia e dos demais.
- Adaptación do ton, do equilibrio e da postura en relación co medio e coas outras persoas.
- Satisfacción pola adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais e desenvolvemento da propia personalidade.
- Aceptación das normas implícitas que rexen os xogos fortalecendo vínculos afectivos.
- Desenvolvemento do xogo como medio para coñecer a realidade mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
- Coordinación e control das habilidades psicomotrices de carácter fino e groso.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motoras de coordinación e de orientación no espazo.

- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

• **Bloque III: A vida cotiá.**

- Participación en actividades da vida cotiá con iniciativa e autonomía cara a resolución pacífica de conflitos.
- Regulación do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo e da sociedade.
- Desenvolvemento de habilidades sociais con actitude positiva e aceptación da diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo, mediante a planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración o gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas.
- Busca dos recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia sendo quen de solicitar e prestar axuda.
- Afianzamento das súas capacidades, actitudes e coñecementos sendo quen de aplicalos nas súas actividades cotiás

• **Bloque IV: O coidado persoal e a saúde.**

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, desprazamentos, descanso e hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o permitan e valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado respectando os gustos dos demais.
- A enfermidade e os accidentes domésticos: fomento de hábitos de prevención.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

• **Bloque I : Medio físico: elementos, relación e medida.**

- Exploración dos obxectos e materiais presentes no medio: atributos, propiedades, características e a súa aplicación na vida cotiá, mantendo unha actitude de respecto e coidado.
- Clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do con- torno.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números da vida cotiá.
- Utilización da acción de contar para a obtención dun dato numérico como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- Resolución de situacións lóxico matemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de distintos materiais e obxectos en distintas situacións e con variadas accións.
- Recoñecemento e identificación dalgúns magnitudes (peso, lonxitude, capacidade, tempo) a través de estimacións, utilizando instrumentos de medida convencionais e non convencionais.
- Orientación temporal en situacións cotiás. Uso do calendario.
- Orientación espacial: descrición, localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares empregando o vocabulario axeitado.
- Propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo empregando a imaxinación en debuxos, persoas e lugares.

• **Bloque II: Achegamento á natureza.**

- Características e funcións vitais dos seres vivos. Diferenzas cos obxectos inertes mediante a exploración e a observación.

- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre eles.
- Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural especialmente animais e plantas.
- Identificación dos cambios ambientais e do medio natural.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as cousas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.
- Valoración e goce das actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.
- Participación en proxectos de investigación no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.
- Coñecemento e valoración da importancia da auga para o desenvolvemento da vida dos seres vivos.

• **Bloque III: Cultura e vida en sociedade.**

- Primeiros grupos sociais: familia e escola, relacións afectivas desenvolvendo actitudes de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.
- Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas coas persoas do seu contorno e doutras culturas.
- Coñecemento das funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento e respecto polos diferentes tipos de familia.
- Pautas de comportamento: colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos.
- Vivenciación da tradición e identidade cultural galega.

- Achegamento a sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

• **Bloque I: Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar.**

- Utilización da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral en distintas actividades, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicacións con diferentes propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionar-se coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía...
- Interese en participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara esa lingua.

• **Bloque I: linguaxe verbal: aproximación á escritura.**

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entres elas atendendo a propiedades cualitativas e cuantitativas. Coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez mais precisos e lexibles.

• **Bloque I : linguaxe verbal: Achegamento á literatura.**

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de diferentes textos, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Dramatización de contos para o goce persoal.
- Memorización e recitado dalgúns textos poéticos, de tradición cultural ou de autor.
- Participación creativa en xogos lingüísticos, adiviñas, trabalinguas, onomatopeias..., acompañadas de respostas corporais, para divertirse e aprender na compañía de persoas iguais e adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias iniciándose nos faladoiros literarios.
- Uso das bibliotecas de aula e de concello, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

• **Bloque II: Linguaxes artísticas: plásticas, musical e corporal.**

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación, descubrimento e gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión que lles permitan desenvolver a súa sensibilidade estética.

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de diferentes materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión e comunicación.
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas da luz e a sombra.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas, manifestando a través das distintas linguaxes, as sensacións e emocións que producen así como, indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra, o seu desenvolvemento e posterior comunicación plástica, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha mellora na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos de música.
- Vivencia do son e o silencio.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Audición atenta de diferentes obras musicais. Participación activa e gozosa na interpretación de cancións.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión, comunicación e intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danza, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal, colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

• **Bloque III: Linguaxe audiovisual e tecnoloxía da información e comunicación**

- Uso de diferentes instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Uso do ordenador e a cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.
- Valoración crítica dos contidos e a estética das producións audiovisuais.

7. CRITERIOS AVALIACIÓN

A avaliación na etapa de educación infantil, tal e como se recolle no Decreto 330/2009, constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado co que se pretende obter os datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

A avaliación será **global**, en canto que deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado.

Do mesmo xeito, tamén será **continua**, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal debemos recoller de forma continuada a información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

Terá, en consecuencia, un carácter **formativo**, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da nosa intervención educativa.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, as competencias básicas, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos. A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaránse os progresos e os logros dos alumnos/as nas distintas áreas e as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Así mesmo, como mestres que impartimos docencia nesta etapa debemos avaliar a nosa práctica educativa co fin de adecuala ás

necesidades do noso alumnado. Debemos reflexionar sobre a nosa programación, sobre os obxectivos e contidos propostos, sobre o clima no que levamos a cabo a nos práctica,...

De entre todos os procedementos de recollida de información, a observación directa e sistemática resulta a máis apropiada para esta etapa educativa, xa que nos permite ao profesorado realizar un seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a nosa intervención educativa en función dos datos obtidos. As entrevistas coa familia, as conversas, as situacións de xogo, as producións, os rexistros de incidencias... tamén nos servirán para recoller de maneira organizada información individual sobre o proceso, proporcionando datos globais e pautas de actuación individuais e grupais.

A continuación detállase os criterios de avaliación seleccionados para o nivel de 3 anos:

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Coñecer de forma progresiva o seu esquema corporal, identificando as partes do corpo en si mesmo, noutro nena/o e nun debuxo.
- Identificar algunhas características persoais.
- Desenvolver progresivamente a súa autoestima e a autoconfianza en si mesmo.
- Adquirir hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, co descanso e co coidado da saúde.
- Distinguir os sentidos e identificar sensacións a través deles.
- Desenvolver unha imaxe persoal axustada e positiva e ir adquirindo progresivamente unha actitude de respecto ante as diferenzas.
- Expresar sentimentos e emocións, intentar comprender os dos outros.
- Participar en xogos utilizando as posibilidades expresivas do corpo para comunicar sentimentos, emocións, necesidades e desexos.
- Discriminar algunhas propiedades dos obxectos por medio dos sentidos.
- Utilizar nocións básicas de orientación espacial e temporal.
- Mellorar na coordinación óculo- manual.

- Manifestar confianza nas súas posibilidades e actitudes positivas cara á súa propia actividade.
- Controlar as necesidades básicas do corpo.
- Valorar, respectar e aceptar as diferenzas.
- Adquirir hábitos elementais de respecto, axuda, colaboración organiza-ción, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Participar en actividades cotiás.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Identificar cambios que se producen no medio relacionados co clima.
- Descubrir algunhas características e calidades dos obxectos máis habituais do seu medio.
- Dar mostras de interese polo medio natural.
- Manifestar actitudes de respecto e coidado cara á natureza e participar de forma activa en actividades para conservala.
- Coñecer algunhas características da súa casa, da súa familia, da escola e do medio natural.
- Ser cada vez máis autónomo.
- Aprender a comportarse adecuadamente nos diferentes espazos nos que se desenvolve.
- Discriminar obxectos e elementos do entorno inmediato.
- Coñecer profesións e medios de transporte do seu entorno.
- Resolver situacións conflitivas que se presentan na vida cotiá.
- Coñecer tradicións e festas populares da súa Comunidade.
- Distinguir características de animais e plantas.
- Clasificar e ordenar elementos segundo semellanzas e diferenzas sinxelas.
- Coñecer os tres primeiros cardinais.
- Identificar o círculo, o triángulo e o cadrado.
- Iniciarse na formación de series.
- Describir obxectos.
- Utilizar a serie numérica para contar.
- Coñecer a gama de cores primarias.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas.
- Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta e respectuosa.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no mediopróximo.

- Captar o sentido global de sinxelas mensaxes orais, mostrando interese por participar en situacións de comunicación oral , cancións, poesías...
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Identificar algunhas letras e a súa grafía.
- Iniciarse no uso dos textos escritos nas situacións de lectura que se producen na aula.
- Iniciarse no manexo dos libros.
- Iniciarse na comprensión e interpretación de textos.
- Utilizar as normas establecidas para saudar e despedirse.
- Mostrar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas ... lidos na clase.
- Coñecer algúns autores e artistas universais.
- Mostrar unha actitude positiva cara a lingua estranxeira.
- Discriminar sons.
- Participar na interpretación e representación de cancións.
- Cantar cancións sinxelas en lingua estranxeira.
- Coñecer algunhas palabras e expresións moi sinxelas en lingua estranxeira.
- Iniciarse en trazos libres e dirixidos.
- Coñecer a gama de cores primarias.
- Utilizar recursos e técnicas da expresión plástica.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

- **ACTIVIDADES**

As actividades son o conxunto de situacións de ensinanza-aprendizaxe nas cales imos a traballar cos alumnos/as os contidos que seleccionamos para que alcancen os obxectivos propostos e nas cales se van a levar a cabo, de maneira activa e ordenada, as estratexias metodolóxicas.

Á hora de programar as nosas actividades hai que ter en conta que sexan significativas, é dicir, que se relacionen cos seus coñecementos previos, que abrangan todos os ámbitos de experiencias, os intereses e necesidades dos alumnos/as, a participación dos distintos membros da Comunidade, que partan do próximo ao máis afastado e que sexan avaliábeis.

Dentro das actividades propostas podemos diferenciar os seguintes tipos:

- Previas ou de motivación
- De desenvolvemento
- De avaliación
- De apoio e reforzo
- De ampliación e afondamento.

• **ACHEGAMENTO A LECTO-ESCRITURA**

Ler e escribir son actividades de carácter social e interactivo, con elas ampliamos e construímos o coñecemento do que nos rodea, pero ao contrario que a fala, que sae espontaneamente, a lecto-escritura debe ensinársese de maneira intencional e sistematizada.

Os nenos/as de 3 anos van a comezar a entrar en contacto coa escritura e a lectura, van a comezar a desenvolver os seus conceptos e hipóteses persoais nun proceso de aprendizaxe continuado.

Para que se sinta interesado pola lecto-escritura debe darse conta das múltiples funcións que ten: contar cousas, recordar datos, transmitir coñecementos e informacións, expresar sentimentos e ideas...

O proceso de lecto-escritura require actitudes positivas e motivación, no que a escola ten una función básica.

A inicio adquisición da lecto-escritura ten como obxectivo básico o propiciar e favorecer novas maneiras de comunicarse co que lle rodea.

Partimos do neno/a, dos seus coñecementos e a mestra debe ter un papel de acompañante, expondo situacións e estimulando a súa curiosidade, axudando a reflexionar e buscar respostas. O material pode servir todo, non descartaremos nada dende contos, folletos, xornais, carteis, láminas, etc.

Comezaremos a traballar polo máis próximo a eles, o seu nome. A identificalo, a diferencialo do dos compañeiros/as, a discriminar distintas letras, palabras significativas. Traballaranse a fondo e por orde os distintos trazos e unha vez controlados comezaremos a reproducir palabras sinxelas.

Por iso é preciso seguir un proceso de observación e interpretación para ir axustando a proposta educativa ao desenvolvemento e ás necesidades que o proceso de aprendizaxe xera.

Así, para poder desenvolver con éxito o proceso atenderemos a unha serie de prerequisites básicos: memoria, atención, control motor, discriminación auditiva, praxias buco-faciais, respiración e soplo.

- **TEMPORALIZACIÓN**

Podemos dicir que non existe unha distribución de xornada escolar válida para tódolos grupos de alumnos/as, con todo hai unha serie de criterios básicos que sempre debemos ter presentes:

- A organización temporal debe respectar a globalidade do neno/a permitindo satisfacer todas as súas necesidades: de movemento, de xogo, descanso, hixiene, alimentación,..
- O horario debe respectar os tempos e ritmos individuais deixando tempo suficiente para que todos/as poidan acabar as actividades.
- horario debe ser o suficientemente flexible para permitir e dar cabida a actividades non programadas con antelación que xurdan da propia dinámica da aula.
- Os tempos dedicados ás actividades deben ser curtos e cambiantes para evitar a fatiga, cansazo e a falta de atención.
- Hai que programar actividades tanto individuais coma para os grupos colaborativos, que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia, para mellorar a trazabilidade dos contactos no actual contexto da pandemia.
- É preciso coordinar o horario da aula con outros do centro para autilización de espazos comúns como o patio cuberto...

Na Educación Infantil imos a organizar o tempo a través de **rutinas diarias ou momentos significativos**, que son pautas de tipo social marcadas polo adulto, e que se repiten diariamente con frecuencia e ritmo determinado. Polo tanto, temos que dar moita importancia á organización destes marcos habituais, pois proporcionan ao neno/a un marco de referencia, e a seguridade de saber que facer en cada momento, axúdalles a organizar e estruturar o concepto de tempo, estimula a autonomía e favorecen a adquisición de hábitos tan importantes para a estruturación do eu. Agora ben, esta estabilidade non se pode confundir con rixidez nin con excesiva división do tempo.

Seguindo o **protocolo Covid do Centro**, adaptaremos a xornada escolar facendo especial fincapé nas medidas de prevención e hixiene entre os cativos. Tendo en conta todos estes aspectos, os momentos que destacamos son os seguintes:

-Entrada: rutinas de hixiene, saúdo, colgar cazadoras e mochilas,...

-Asemblea: Primeira parte: pasar lista, mirar a data, o tempo atmosférico, encargados, contar cantos estamos na escola, secuenciar os diferentes momentos da xornada...Segunda parte: nenos/as contan as súas experiencias, algunha nova, cantamos cancións, miramos algún conto.

-Traballo individual ou colectivo.

-Recollida do material, aseo, hixiene de mans e merenda de media mañá.

- Control de esfínteres e hixiene de mans

- Patio-recreo, á volta so recreo hixiene de mans

- Relaxación

- Conto: Hora de ler

- Traballo individual ou colectivo.

- Saída: supón recoller, aseo, hixiene de mans, levar as súas pertenzas, poñerse na fila...

Teremos en conta as sesións cos especialistas de inglés, Relixión e Música, ademais das actividades que levaremos a cabo de psicomotricidade.

Realizaremos todos os días unha serie de rutinas que lle aportarán seguridade e permitirán que diferencie os distintos momentos do día, e poder así anticipar ou prever o que pasará despois.

- **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación é unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo. Na Educación Infantil será global, continua e formativa para axustar a axuda ás características individuais dos nenos e nenas nos momentos precisos e ás súas necesidades específicas.

A avaliación servirá para identificar os aprendizaxes adquiridos, o nivel de desenvolvemento acadado nas competencias básicas en función do seu ritmo e as características de cada neno/a. A estes efectos empregaranse os criterios de avaliación establecidos en cada unha das áreas.

Avaliaremos:

- O proceso de ensino-aprendizaxe.
- A práctica educativa.
- O desenvolvemento das capacidades dos nenos/as.
- A propia programación
- A distribución do tempo, os espazos, os agrupamentos, os recursos, materiais...

Realizaremos os seguintes tipos de avaliación:

- Avaliación Inicial:

Que establecerá o punto de partida do proceso ensino-aprendizaxe. Ao comezo de cada proxecto, no momento da asemblea a través de preguntas, cun debuxo, entrevistas...Cofeceremos o que saben e o que non saben para así garantir que se leve a cabo un proceso de aprendizaxes significativo.

- Avaliación continua e formativa.

Na que se nos informa sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, dificultades atopadas, e nos permite facer as modificacións precisas para adaptalo ao grupo-clase e aos obxectivos previstos.

- Avaliación continua

A que nos permite saber en que medida se desenvolveron as capacidades expresadas nos obxectivos. Na Educación Infantil non se trata dunha valoración cuantitativa do éxito ou fracaso na realización de aprendizaxes, se non unha apreciación cualitativa da evolución do neno/a no proceso educativo e debe estar referido ás capacidades e non aos coñecementos.

Instrumentos de avaliación

- **Técnicas de observación.**

Para isto levaremos a cabo un diario de clase onde anotaremos os acontecementos máis relevantes de cada día.

- **Listas de control.**

Reflexan unha serie de datos a observar e anotamos a presenza ou ausencia no desenvolvemento da actividade ou tarefa.

- **Escalas de valoración.**

Reflexan unha serie de trazos nos que se gradúa o nivel de adquisición do aspecto observado a través dunha serie de valoracións progresivas (nunca, sempre, moito, pouco, nada...)

- **Intercambios orais cos especialistas.**

- **Entrevistas coas familias, preferentemente telemáticas.**

Que nos poden aportar datos sobre condutas dos nenos/as.

- **Análise das produción dos nenos/as**

- **Sesións de seguimento por parte de todo o Equipo Docente.**

Avaliaremos, xunto ás competencias acadadas polo alumnado, a propiapráctica docente.

- **METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR**

Artella as decisións e normas que permiten organizar globalmente a parte didáctica.

A nosa actividade parte da premisa de que os protagonistas de todo aprendizaxe son os nenos/as, partindo da concepción constructivista da aprendizaxe na que se entende que:

- Aprender é un proceso de elaboración única e persoal xa que, partindo de nós e as nosas circunstancias, aprendemos experimentando e probando e facendo.
- Aprender é volver a reestruturar os contidos da nosa cultura e do que nos rodea e non unha suma de contidos.
- Neste proceso de elaboración e construción actúan os alumnos/as, os contidos obxecto de aprendizaxe e os que interatúan entre eles (familia, mestres e compañeiros) que colaboran con eles para elaborar significados con referencia a unha determinada realidade social y cultural.

Principios xerais de intervención:

A esixencia de orientar e dar sentido educativo á Educación Infantil conduce á necesidade de facer explícitos os *Principios metodolóxicos* que deben impregnar e guiar a nosa actuación pedagóxica nesta Etapa.

Ditos principios deben asegurar:

- Coherencia vertical: Os principios poden ser aplicables a tódolos niveis educativos.
- Coherencia horizontal: Dentro do mesmo nivel son susceptibles de ser traballados por todas e cada unha das áreas.

Ditos principios se relacionan cunha concepción constructivista do aprendizaxe. A metodoloxía educativa basearase nas experiencias, actividades e no xogo, nun ambiente de afecto e confianza.

Destacaremos os seguintes **Principios de Intervención Educativa:**

- PRINCIPIO DE INTERACCIÓN DO NENO CO MEDIO: Todos os principios atópanse intimamente relacionados entre si, supeditándose todos a este, o cal é a base do crecemento das súas experiencias, dos seus coñecementos e do

desenvolvemento da personalidade. Este principio subliña a primacía do contacto directo coa realidade e os obxectos da experiencia.

- PARTIR DO NIVEL DE DESENVOLVEMENTO: É moi importante coñecer en que momento evolutivo se atopan os nenos/as en canto ao seu desenvolvemento motor, cognitivo, afectivo, social,... o seu nivel de competencia cognitiva e os coñecementos previos que posúen, xa que un descoñecemento das características dos alumnos/as levaríanos a posibles erros á hora de expor os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

- ASEGURAR A CONSTRUCCIÓN DE APRENDIZAXES SIGNIFICATIVOS:
De

tal xeito que o novo contido se relacione de forma significativa cos seus coñecementos previos dándose así aprendizaxes funcionais que poidan ser empregados nas circunstancias reais en que o alumno/a o precise. Ademais debemos propiciar que os alumnos/a realicen aprendizaxes por si mesmos, é dicir, que sexan capaces de aprender a aprender.

- PRINCIPIO DE GLOBALIZACIÓN: A perspectiva globalizadora trata de presentar os contidos de distintos tipos e distintas áreas a un tema con significación para o alumno/a, de tal xeito que se establezan múltiples conexións de maneira global entre todas as capacidades. Ademais este principio está plenamente xustificado si temos en conta que o pensamento do neno/a (egocentrismo, intuitivo, sincretismo,...) percibe o mundo de maneira global e ten dificultade de acceder ás partes.

- PRINCIPIO DE ACTIVIDADE: Debemos propiciar que sexan eles mesmos os que experimenten, observen, manipulen; é dicir, que sexan partícipes dos seus propios aprendizaxes a través de actividades de distintos tipos (manipulativos ,intelectuais, físicas, lúdicas,...)sendo a mestra un mero orientador do seu proceso de EA.

- PRINCIPIO DE XOGO: É a primeira manifestación natural, espontánea do neno/a. Ten un carácter fortemente motivador e é o medio máis eficaz e xeneralizado de conseguir as finalidades da Educación Infantil, por iso todas as actividades que nós propoñamos deben ter carácter lúdico, xa que a través deste, o neno/a traduce sobre un modelo simbólico as súas fantasías, experiencias e desexos.

- PRINCIPIO DE MOTIVACIÓN E DE INTERESE: É moi importante espertar o interese dos nenos/as polo que van a aprender, de tal xeito que conecten coas súas necesidades, experiencias, gustos,... polo que hai que motivalos para que se sentan interesados en adquirir novos coñecementos e habilidades.

- PRINCIPIO DE INTUICIÓN: Fai referencia a que os nenos/as perciben o mundo a través dos sentidos sensoriais, polo tanto xurde a necesidade de presentar distintas actividades e situacións que permitan o maior número de sensacións e un coñecemento directo a través dos sentidos.

- PRINCIPIO DE SOCIALIZACIÓN: O neno/a aprende en interacción co seu grupo de iguais e dos adultos, polo que hai que establecer momentos para agruparse cos demais, aprender normas de condutas e

responsabilidade, e sentir o apoio dos demais... Isto lle axudará a compartir e comunicarse, adquirindo progresivamente hábitos de socialización e de colaboración que lle axudarán a converterse nun membro partícipe dos grupos sociais nos que deberá de realizarse.

- PRINCIPIO DE INDIVIDUALIZACIÓN: Hai que ter en conta que ningún neno/a é igual a outro, polo que as súas capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses, motivacións,... son diferentes. Estas hai que respectar adaptando as estratexias e estilos de ensinanza a cada caso concreto prestando así unha axuda individualizada.
- CLIMA DE SEGURIDADE E CONFIANZA: É moi importante rodear ao neno/a dun clima afectivo no que se sinta querido, valorado e sinta satisfeitas todas as súas necesidades básicas baixo un ambiente de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.
- COLABORACIÓN COA FAMILIA: Esta relación é de vital importancia e polo tanto debe ser fluída e de estreita colaboración, xa que ambos comparten un obxectivo común: a educación dos seus fillos/as. De aí que o centro expoña que tipo de colaboración se vai a levar coa familia no Plan de Acción Titorial.

- ***Traballo por proxectos***

O traballo por Proxectos basease nunca concepción constructivista do aprendizaxe, onde a intervención pedagóxica vai encamiñada a promover o aprendizaxe significativo dos nenos/as dunha maneira intencional e reflexiva. Aмосa o coñecemento como unha elaboración activa por parte dos nenos e nenas e non como a simple recepción pasiva dunha serie de datos. Contempla os contidos como experiencias que se viven.

Permite:

- Incluir actividades e contidos encamiñados a identificar os coñecementos que os nosos alumnos/as teñen no momento actual e aqueles que é preciso adquirir.
- Planificar estratexias na procura de información (manexo de bibliografía, materiais audiovisuais,...) e ver os seus resultados, e o que os fai aínda máis interesantes ligados á actividade natural do neno/a e á súa vida diaria. Deste xeito dáse un contido real e tanxible da idea de “aprender a aprender”
- Desenvolve a participación creativa e cooperativa. Isto facilita a interacción entre os nenos/as e supón novas vantaxes:
 - Foméntase a colaboración entre compañeiros/as en lugar de competir con eles.

- Enriquécense as aprendizaxes, xa que podemos beneficiarnos dos coñecementos dun compañeiro/a, contrastar as nosas hipóteses,... Sabemos o difícil que é na actualidade implicar ás familias na vida da escola.

Con esta forma de traballo, polo xeral, elas tamén se senten moi motivadas, sendo partícipes do proxecto, xa que ofrece moitas e variadas vías de implicación, como poden ser a aportación de información: internet, libros, contos, xornais, láminas, fotos,xogos, revistas,....

Ao longo do curso tamén poden xurdir outros pequenos proxectos que dependeran do desenvolvemento da dinámica da aula.

“Tilandra no camiño” é o nome do Proxecto da biblioteca do centro: Biblio Tilandra ao que contribuiremos dende a aula.

• ORGANIZACIÓN ESPACIAL

O presente curso a organización do espazo ven condicionada polas medidas xerais de protección individual ante o Covid-19. Confórmanse subdivisións dos grupos estables de convivencia de máximo catro alumnos por mesa, mantendo a distancia de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

Ademais os criterios xerais que teremos en conta para organizar os espazos dentro da aula son os seguintes:

- Intentaremos crear un ambiente motivador á vez que ordenado, que ofrezca múltiples posibilidades de acción.
- Favoreceremos a utilización autónoma do espazo, dispoñendo os recursos tendo en conta as medidas de adaptación á situación COVID-19.
- A organización espacial debe facilitar o encontro entre todos os membros do grupo, de pequenos grupos, á vez que permita un traballo individual.
- Será fundamental crear un ambiente cálido e acolledor no que se sintan seguros.
- A distribución espacial deberá ser flexible, xa que irá evolucionando en función das necesidades e intereses cambiantes dos alumnos/as.
- O espazo non debe entrañar perigos, debe ser seguro e promover hábitos de orde.
- Pequeno grupo.

Grupos de 4 ou 5 alumnos/as realizan unha mesma actividade. Axuda á socialización, favorece a capacidade de expresión persoal, gráfica e comunitaria.

- Traballo individual.

Esixe máis autonomía. Favorece a reflexión e a práctica sobre determinados contidos. Serve para afianzar conceptos, comprobar o nivel, detectar dificultades,...

O material debe estar ordenado, clasificado para facilitar a súa autonomía e independencia, cada un identificado co seu nome e fotografía, agrupado en gabeteiros e caixas individuais. O material desinféctase tras o seu uso e deixase en cuarentena, rotando entre os diferentes grupos colaborativos.

- **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os materiais constitúen un instrumento moi importante para o desenvolvemento da tarefa educativa. Son empregados para levar a cabo a actividade, o xogo e o aprendizaxe. Os recursos didácticos son importantes en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, máis aínda na etapa de Educación Infantil onde os nenos/as aprenden a través de distintas experiencias e precisan, por tanto, de diversos materiais para levar a cabo as súas experiencias.

Podemos distinguir dous tipos de materiais:

- O equipamento: conxunto de materiais, equipo e información precisos para desenvolver o aprendizaxe. A súa clasificación sería:
 - Materias primas: xices, papeis, pinturas, etc.
 - Instrumentos para medir, cortar, unir, mesturar...
 - Fontes de información: carteis, murais,...
 - Instalacións para exposicións
 - Materiais para o almacenamento.
- O material didáctico ou recursos didácticos: son todas as ferramentas precisas que empregan os alumnos/as no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.

Coñecendo e estruturando estes materiais, temos:

- Materiais para o coñecemento do medio

- Materiais para o desenvolvemento da linguaxe
- Materiais para o desenvolvemento da linguaxe matemática
- Materiais para o desenvolvemento das actividades artísticas e plásticas.

- **MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A diversidade é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, de cada familia... Co fin de garantir a equidade Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

Cando falamos de alumnado con **necesidades específicas apoio educativo**, referímonos aos nenos/as que requiren, de xeito temporal ou permanente, apoios ou medidas educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe ou por altas capacidades intelectuais, por condicións persoais ou de historia escolar, ou procedentes do estranxeiro.

Debemos ofrecer unha adecuada resposta educativa que se axuste ás circunstancias e ás necesidades que neles concorren. Pódense introducir medidas de flexibilización das distintas etapas. A escolarización destes alumnos/as rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva. Trátase de que todo os nenos/as da aula desenvolvan ao máximo as súas capacidades e que as diferenzas non se convertan en desigualdades.

Por outro lado deseñaranse e poñeranse en práctica accións educativas a fin de detectar de xeito temperán de dificultades, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado.

Para dar resposta a estes alumnos e alumnas, se adoptarán e utilizarán medidas ordinarias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxes. Organización flexible do tempo para a realización de determinadas actividades ou adquisición de certos obxectivos.
- Adecuación dos obxectivos seleccionando e axeitando ás características dos alumnos.

- Adecuación da axuda pedagóxica, tanto profesorado de Pedagogía Terapéutica como de Audición e linguaxe e profesorado de apoio.
- Organización e adaptación dos espazos, materiais e agrupamentos a fin de acadar unha atención individualizada.
- Realización de avaliacións individualizadas a fin de detectar dificultades.
- Adecuación da metodoloxía adecuando técnicas e estratexias
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado tanto ao seu nivel de aprendizaxe como aos seu momento madurativo, atendendo a niveis de ampliación e reforzo.
- Adaptación de técnicas, procedemento e instrumentos de avaliación que se adapten ás necesidades educativas e que non supoñan modificación dos criterios de avaliación.
- Elaboración de medidas de afondamento e enriquecemento para aqueles alumnos/as que así o precisen.

No caso de persistir as dificultades e esgotar todas estas medidas ordinarias darase conta á dirección do centro Equipo de Orientación a fin de tomar algunhas medidas extraordinarias.

- **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RELACIONADAS COA FORMACIÓN SOBRE O PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL NO CURSO 2021/2022.**

-Comprobar as necesidades específicas do alumnado con dificultades, por falta de medios e recursos para o ensino telemático e resólvelas, comunicándoo ao equipo directivo, de xeito que se adopten as medidas necesarias para minimizar as devanditas dificultades.

-Establecer directrices específicas e individuais en colaboración co profesorado especialista do departamento de orientación para a atención e seguimento dos alumnos/as con NEE.

-Considerar posibilidades de atención singular para o alumnado con necesidades específicas.

-Manter unha comunicación fluída cos alumnos/as a través de todos os medios posibles.

- **ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Aproveitaremos os recursos e materiais multimedia dos que dispoñemos no centro, como son ordenadores con conexión a Internet nas aulas, aula de informática, cámara dixital, reprodutor de DVD, páxina web do centro,... Todos eles servirán para crear e desenvolver no noso alumnado a imaxinación, creatividade e fantasía, así como medios de apoio e ampliación dos contidos traballados.

Nos ordenadores da aula levaremos a cabo actividades como: procura de información, acceso a páxina web da escola, xogos multimedia, visualización de contos, audición de cancións.

- **ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

- Establecer de maneira consensuada cos titores e resto do profesorado unhas normas básicas de comportamento e a forma para asegurar o seu cumprimento.
- Facilitar o tratamento dos conflitos a través das medidas especificadas no PAT.
- Reforzar positivamente condutas que faciliten a convivencia e promover situacións que potencien a súa aparición.
- Implicar ás familias nunha maior participación na educación dos seus fillos fomentando a colaboración coa escola e o tempo compartido cos seus fillos.
- Compartir coas familias estratexias de educación en valores axeitados para cada idade.

- **EDUCACIÓN EN VALORES**

Non só deberemos prestar atención aos coñecementos. Nesta sociedade actual os temas transversais, contidos vinculados ao currículo, deben ser un punto importante na nosa tarefa diaria, xa que son a manifestación dun sentimento e unha expresión de valores, asumidos como positivos pola comunidade.

Desenvolveremos continuamente actitudes de: compañeirismo, de respecto e axuda aos demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, do rexeitamento á violencia e á agresividade, de coidado dos bens naturais, fomentando un estilo de vida e comportamento cotián, como aceptación deses

valores que a sociedade precisa e establece como positivos para o seu bo funcionamento.

Os temas a traballar serán os seguintes:

- Educación para a paz

Educar para a convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.

- Educación para a saúde.

Fomentaremos nos nenos/as a adquisición de hábitos de saúde, alimentación sa, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes.

- Educación para a igualdade entre os sexos

Debemos corrixir estas desigualdades e facer que se formen como persoas, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas.

- Educación ambiental

Pretende acercar aos nenos/as ao medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas y desenvolvendo actitudes de respecto y coidado.

- Educación do consumidor

Pretende que os nenos/as vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara o consumo.

- Educación viaria

O obxectivo fundamental é a prevención de accidentes. E preciso inicialos no coñecemento dunhas normas establecidas, necesarias para a súa futura participación no ambiente urbano como peón ou usuario de vehículos.

• **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Como xa sabemos, con este tipo de actividades pretendemos potenciar a apertura do noso centro a súa contorna e a formación integral do alumnado, proporcionándolle diversidade de experiencias, unha comprensión positiva e harmónica do medio e prepararlos para vivir en sociedade.

Para este curso 2021-22, en relación ao Plan de adaptación á situación COVID-19, non podremos realizar saídas.

• **PROCEDEMENTOS PARA A AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible das melloras e/ou modificacións que poidan considerarse oportunas, de xeito que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao longo do curso levaremos a cabo unha revisión deste documento adaptando, se fose preciso, a práctica educativa e as distintas situacións que se nos presentan tratando de estimular o aprendizaxe, atender á diversidade, organizar o alumnado, axudar aos nenos/as no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos, etc. As unidades didácticas e proxectos estarán suxeitas á revisión y modificación ao longo de todo o curso.

- **PLAN LECTOR.**

Na etapa de Educación Infantil realízanse de xeito continuado e globalizado un gran número de actividades a fin despertar o gusto pola lectura en calquera espazoe momento da xornada escolar.

Os obxectivos relacionados co Plan Lector son:

- Espertar o gusto e interese pola lectura.
- Tomar contacto con diferentes tipos de texto: expositivo, conto, poesía...
- Descifrar mensaxes sinxelos con distintos códigos, dependendo da idade, momento de desenvolvemento,... (imaxes, palabras sinxelas, frases cortas...)

Algunhas das actividades a desenvolver no grupo de 3 anos son:

- Lectura de imaxes, pictogramas.
- Hora de ler, na que ten cabida todo tipo de textos (contos, poemas, novas do xornal...)
- Actividades de secuencias temporais.
- Audicións de cancións
- Biblioteca de aula

- **RELACIÓNS COAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR**

O Equipo de Educación Infantil comparte coa familia o labor educativo, completando e ampliando as experiencias formativas dos nosos alumnos. A familia ocupa un lugar primordial no desenvolvemento do neno/a xa que é o seu primeiro ámbito de socialización. Deste xeito as mestras de Educación Infantil temos que asumir a responsabilidade de facilitar a participación e información necesaria para que a familia se sinta vinculada á escola e responsable dentro do proceso educativo. A relación familia-escola é fundamental para o éxito na Educación Infantil.

Os contactos coas familias serán sistemáticas e organizadas:

- Reunión xeral de inicio de curso.

No que se comentará a organización do Período de Adaptación, funcionamento das aulas, recomendacións, aspectos organizativos...
- Entrevista persoal na que se comenta vía telefónica o cuestionario entregado e que servirá para coñecer as familias eos datos máis relevantes de cada neno/a.
- Titorías: Este curso priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, senón fose posible, por imposibilidade dos proxenitores, as reunións presenciais levaranse a cabo en espazos exclusivos para este tipo de reunión, onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans. O martes de 16h a 17h faranse as reunións individuais a petición das familias ou da profesora onde se comentará aspectos relacionados co proceso de aprendizaxe de cada alumno/a progresos e dificultades atopadas. Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a paxina web do centro e para comunicacións de grupo, Abalar móbil.
- Informe trimestral cos datos recollidos na avaliación continua.
- Circulares sobre horarios, notas informativas, entre outras.